

AS LIDEIRAS DE ROQUE

Vexetais invasores




Mon Daporta

COUSIÑAS FEITAS NA CASA




**Decatouse Roque, paseando polos camiños,
que estaba a ver plantas que antes non tiña visto.**



**E sabendo como é, e como era de agardar,
non puido pasar de largo e púxose a investigar.**


A flora de Galiza está formada por unhas 2.400 especies das que unhas 400 proceden de outros lugares.

Das que viñeron de fóra unhas son útiles e outras non fan ben nin mal, pero algunhas crean problemas e hainas que controlar:







ocupan o espazo das propias,



exténdense como matogueiras



ou compiten cos cultivos facendo minguar as colleitas.



Buscou listas e catálogos, veu libros,



preguntou...




e co de aquí e acolá... Vaia morea xuntou!



**E con todo o que atopou preparou unha listaxe,
e con ela, e os seus aparellos, comezou esta viaxe.**

Neste traballo recollense as especies vexetais incluídas no ***Catálogo Español de Especies Exóticas Invasoras*** (aprobado por Real Decreto en agosto do 2013, polo que queda prohibida a súa introducción no medio natural, a súa posesión, transporte, tráfico e comercialización), o listado de especies invasoras do Catálogo da Xunta de Galicia e outras plantas alóctonas, que se estenden con máis ou menos rapidez por Galiza, non incluídas neles.



Acrothamnion preissii. Alga de talos filamentosos ergueitos de 2,5 cm de alto e cor rosada-vermella que forma densas alfombras con aparencia de algodón. É orixinaria da área Indo-Pacífica (Oeste de Australia, Nova Zelandia, Sudáfrica e Xapón) e invasora no Mediterráneo (Baleares)



Asparagopsis armata. Alga de ata 30 cm de lonxitude cun eixo principal cilíndrico, ramificado, con ponlas densamente poboadas por ponliñas menores dispostas en espiral. Cor rosa pálida. É orixinaria de Australia e Nova Zelandia e invasora na costa atlántica.





Asparagopsis taxiformis. Alga con forma de plumeiro de ata 30 cm de alto, de cor parda-vermella. É orixinaria do oeste de Australia e invasora no Mediterráneo.



Caulerpa racemosa (uva de mar). Alga verde, de ata 30 cm de altura, formada por talos rastreiros ramificados dos que xurden brotes laterais globosos. É orixinaria do surleste de Australia e invasora no Mediterráneo.




Caulerpa taxifolia. Alga formada por talos reptantes dos que xurden frondes ergueitos, con forma de folla, de entre 3-15 cm en augas soleadas, pero que acadan os 60 cm en augas fondas e poden superar os 2 m. É orixinaria dos mares tropicais e invasora no Mediterráneo.




Codium fragile. Alga verde formada por un eixo centraldo que xurden varias ponlas que á súa vez volven a ramificarse varias veces, o que lle da aspecto de mouta, de ata 30 cm de altura. É orixinaria do Océano Pacífico, das costas do Xapón, e invasora nas costas do Atlántico Norte e no Mediterráneo.






***Didymosphenia geminata* (moco da pedra).** É unha diatomea bentónica de auga doce que cando abunda forma masas que cubren os fondos cunha capa de aspecto lanudo de cor marrón a beige. É orixinaria dos ríos do Hemisferio Norte e invasora no Ebro e nos ríos da cunca mediterránea.





Gracilaria vermiculophylla. Alga de cor parda-vermella, cartilaxinosa, cilíndrica, que pode medir ata 50 cm con nuerosas ramificacións que vive solta sobre fango en zonas protexidas influidas por auga doce. Nativa do Noroeste del Pacífico (costas de Xapón, Corea, China e Vietnam) e invasora na costa atlántica.





Grateloupia turuturu. Alga de cor vermella a rosada coa fronde láminar lanceolada de 10 - 35 cm de lonxitude que se fixa ao sustrato por un disco basal. É orixinaria do Xapón e invasora na costa cantábrica.





Lophocladia tallemandii. Alga vermella filamentosa de ata 15 cm de altura que adoita verse como una manta de cor rosada cubrindo o terreo. É de orixe Indo-Pacífica e invasora no Mediterráneo (Balears).



Sargassum muticum (alga xaponesa). Alga parda de cor marrón a amarela e unha lonxitude de ata 10 m. É orixinaria do Xapón e invasora na costa atlántica.

***Stypopodium schimperi*.**

Alga parda case transparente, laminar con apéndices delgados en forma de abano que pode acadar os 30 cm de altura. Orixinaria do mar Vermello e invasora nas costas das illas Canarias.



Undaria pinnatifida
(wakame). Alga orixinaria
do leste de Asia.



Womersleyella setacea. Alga filamentosa, de cor rosada-vermella a parda que forma cubertas densas, como de algodón, de 1 cm de altura. É orixinaria do Indo-Pacífico e invasora no Mediterráneo.





***Acacia dealbata* (mimosa).**

Pequena árbore, de ata 12 m de altura, cultivada como ornamental. Procedente de Australia. Presente en Galiza. Non se considera invasora nas illas Baleares nin nas Canarias





Acacia farnesiana ou
Vachellia farnesiana.
Arbusto ou pequena
árbore espiñenta, de
ata 10 m de altura, da
familia Fabaceae,
orixinaria de América
tropical. Invasora nas
Illas Canarias.





Acacia salicina. Arbusto grande ou árbore de folla perenne, que pode acadar de 3 a 20 m de altura, da familia Fabaceae, nativa de Australia. Invasora nas Illas Canarias.





Agave americana (agave amarelo ou piteira).

Planta agavácea, acaule, de terrenos áridos.

Procede de América.

Presente en Galiza.





Ageratina adenophora. Planta con flor da familia Asteraceae, orixinaria de México. Invasora nas Illas Canarias.

Ageratina riparia. Planta con flor da familia Asteraceae orixinaria de México. Invasora nas Illas Canarias.





Ailanthus altissima (ailanto, árbore do ceo). Árbore de ata 30 m de altura. Plantado como ornamental. Orixinario da China. Presente en Galiza.





Alternanthera philoxeroides (lagoeira ou raíz coreada). Planta herbácea de zonas húmidas. Pode vivir aboiando ou fixada ao terreo, tamén resiste en terreo seco. Ten un desenvolvemento rápido e una gran capacidade de colonización. Procede das rexións temperadas de América do Sur.



Ambrosia artemisiifolia. planta herbácea, de 50 a 80 cm de altura, da familia das asteráceas. Orixinaria de Norteamérica. Habita en climas cálido semiseco y seco. Presente en Galiza.





Araujia sericifera (planta cruel ou miraguano). Planta trepadora, da familia das apocináceas, procedente de América do Sur. Cultívase como ornamental. Presente en Galiza.





***Arbutus unedo* (érbedo).**

Arbusto ou pequena árbore de 4 a 7 m de altura da familia Ericaceae. Procede da rexión mediterránea. Invasora nas Illas Canarias e parte da flora autóctona de Galiza.



Arundo donax (canela ou cana común). Planta herbácea da familia Poaceae. Mide de 3 a 6 m de altura, ten o talo oco. Atópase en humidais de augas permanentes ou estacionais Parece ser orixinaria de Asia. Plántase como especie de utilidade. Presente en Galiza.



Asparagus asparagoides (esparragueira africana). Planta trepadora da família das asparagáceas con falsas follas. Cultívase como ornamental. É nativa do sur de África.



Atriplex semilunaris. Planta herbácea, arbustiva, da familia das Amarantáceae, de orixe australiana. Invasora nas Illas Canarias.





Azolla. Xénero de fentos acuáticos da familia Azollaceae. Todos son de pequeno tamaño e viven aboiando na superficie das masas de auga. Teñen orixe tropical. Presente en Galiza.





***Baccharis halimifolia* (chilca).**

Arbusto ou arboriña da familia das compostas que adoita medir de 1 a 3 m de altura. Orixinaria de Norteamérica.





Buddleja davidii. Arbusto de 2 a 3 m de altura da familia das escrofulariaceas que se cultiva como planta ornamental. Orixinario do noroeste da China e do Xapón. Presente en Galiza.



Cabomba caroliniana. Planta herbácea perenne que vive mergullada en augas tranquilas. Orixinaria da Arxentina e do Uruguai.





Calotropis procera. Pequena árbore de folla perenne, de 4 a 6 m de altura, de ambientes próximos ás correntes de auga do deserto, orixinaria do Sahara. Invasora nas Illas Canarias.





Carpobrotus acinaciformis. Planta suculenta perenne da familia Aizoaceae, nativa de Sudáfrica. Sección da folla triángulo isoscele. Non se considera invasora nas illas Canarias. Presente en Galiza.



***Carpobrotus edulis*, (unlla de león).**
Planta perenne, suculenta, rastreira
da familia Aizoaceae. Soporta os
terreos pobres e a salinidade.
Sección da folla triángulo equilátero.
Presente en Galiza.





***Centranthus ruber* (alfinete).**
Planta perenne, de 30 e 60 cm de altura, da familia das Valerianaceas. Nativa da zona mediterránea. Cultívase como ornamental. Invasora nas Illas Canarias. Presente en Galiza.

Cortaderia. Xénero con entre 20 e 30 especies de plantas herbáceas perennes da familia das poáceas que se atopan por Sudamérica (15-20 especies), Nova Zelandia (4 especies) e Nova Guiné (unha especie). Poden medir de 1,5 a 3,5 m de altura. Plántase como ornamental polas súas grandes inflorescencias semellantes a plumeiros. A máis extendida aquí e a *C. selloana* de orixe sudamericana. Non se considera invasora nas illas Canarias. Presente en Galiza.



***Cotula coronopifolia*.**
Planta da familia das
Asteraceae, orixinaria
de África do Sur. Vive na
beiras das pozas e
canles de marismas e
esteiros. Considérase
invasora nas illas
Baleares. Presente en
Galiza.





Crassula helmsii. Planta
suculenta acuática que vive
mergullada ou nas beiras
de masas de auga.
Orixinaria de Australia e
Nova Zelandia.



Uploaded by: Julio C. Garcia

Cylindropuntia. Xénero de cactus arbustivos da familia Cactaceae. Son nativos de Norteamérica.(Estados Unidos e México).





Cyrtomium falcatum. Fento da familia: Dryopteridaceae, de 40 a 60 cm de altura, orixinario da China, Xapón e o Himalaia. Invasora nas Illas Canarias.



***Cytisus scoparius* (xesta negra)**. Planta arbustiva de 1 a 2 m de altura da familia das fabáceas. Ten o froito negro con pelos polas beiras. É orixinaria da Europa atlántica. Invasora nas Illas Canarias e parte da flora autóctona de Galiza.



Egeria densa (**peste da auga brasileira**). Planta acuática nativa de áreas temperadas de Sudamérica (sureste do Brasil, Arxentina e Uruguai). Presente en Galiza.



Eichhornia crassipes (xacinto de agua) planta acuática da familia Pontederiaceae. Orixinaria das augas doces das zonas cálidas de América do Sur (cuncas do Amazonas e do Río da Plata).



Elodea canadensis. Planta acuática orixinaria de América do norte. Presente en Galiza.



Elodea nuttallii. Planta acuática, perenne, nativa de América do Norte, onde medra mergullada en lagos, ríos e outras masas de auga pouco profundas. Es similar a *Elodea canadensis* pero ten as follas máis agudas. Invasora nas Illas Canarias.



Eschscholzia californica (mapoula de **California**). Planta vivaz, anual ou perenne, ergueita, de entre 30 e 60 cm de altura, da familia Papaveraceae, orixinaria de California (EE.UU.) e a Baixa California (México). Cultívase como ornamental. Invasora nas Illas Canarias.





Fallopia baldschuanica (vide rusa). Planta trepadora orixinaria de Asia (China, Rusia, Kazajstán,...). Presente en Galiza.



Fallopia japonica. Planta herbácea perenne, que pode medir de 3 a 4 m metros, da familia Polygonaceae, nativa do leste de Asia (Xapón, China e Corea). Presente en Galiza.



Furcraea foetida. Planta sen talo ou cun talo curto, de ata 1 m de altura, nativa do Caribe e do norte de Sudamérica. Producen unha gran inflorescencia de hasta 7,5 m de altura. Cultívase como planta ornamental ou para sacar unha febra vexetal das súas follas. Invasora nas Illas Canarias.





Hedychium gardnerianum. Planta de zonas húmidas que pode superar os 2 m de altura. É orixinaria do Himalaia. Presente en Galiza.



Helianthus tuberosus. Planta vivaz da família Asteraceae nativa de Norteamérica. Pode medir ata 2 m de altura. Presente en Galiza.



***Heracleum mantegazzianum* (perixel xigante).**

Planta da familia Apiaceae, de 2 a 4 m de altura, con talos ocos de ata 10 cm de diámetro, nativo do Cáucaso e Asia central.





Hydrocotyle ranunculoides.

Planta rasteira, de zonas húmidas, da família Araliaceae, nativa de América e partes de África.





Ipomoea indica (campaíña ou maravilla). Planta trepadora, perenne, da familia Convolvulaceae, nativa de Hawaii e dos trópicos americanos. Cultívase polas súas flores. Invasora nas Illas Baleares e nas illas Canarias. Presente en Galiza.





***Leucaena leucocephala*.**

Arbusto ou árbore pequena, de 2 a 6 m de altura, da familia das Leguminosas. Orixinario dos estados do sur de México. Invasora nas Illas Canarias.





Ludwigia, Xénero de plantas acuáticas cunhas 75 especies de distribución cosmopolita, pero principalmente tropical e con maior representación en América. Inclúense todas as especies do xénero agás a *Ludwigia palustris*. Presente en Galiza.

Ludwigia grandiflora, presente en Galiza



© Antonio Robledo
<http://www.biodiversidadvirtual.org>



Maireana brevifolia. Arbusto orixinario de Australia. Pode medir entre 0.2 y 1 metro de alto. Desenvólvese en hábitats salinos alterados. Invasora nas Illas Canarias.

© Antonio Robledo
<http://www.biodiversidadvirtual.org>





Myriophyllum aquaticum. Planta acuática orixinaria dos humidais de Sudamérica. Cultívase nos acuarios.



Nassella neesiana. Herba da familia de las poáceas. Orixinaria da Arxentina. Invasora nas Illas Canarias.



Nicotiana glauca. Arbusto ou árvore pequena, de ata 6 m, da familia das Solanáceas. É orixinaria de Arxentina e Bolivia.



Nymphaea mexicana
(ambroíño amarelo).

Planta acuática da familia
de las Ninfáceas nativa da
Costa do Golfo de México.





Opuntia dillenii. Planta da família Cactaceae. Nativa de Centroamérica.



Opuntia máxima. Cactaceae nativa de México. Presente en Galiza.

Opuntia stricta. Cactaceae
nativa de Norteamérica
(México e Estados Unidos)
e de Cuba. Non se
considera invasora nas illas
Canarias.





Oxalis pes-caprae. Planta herbácea perenne, da familia Oxalidaceae, nativa de Namibia e da área do Cabo en Sudáfrica. Presente en Galiza.



Pennisetum clandestinum (quicuío ou pasto africano). Herba perenne, tropical, de ata 1,30 m de altura, da familia das Poaceae. Nativa de África Oriental (zonas baixas de Kenia e arredores). Resistente ao pisoteo e ao pastoreo, e pode sobrevivir en pozas e correntes. Considérase invasora nas illas Baleares e nas Canarias. Presente en Galiza.





Pennisetum purpureum (herba de elefante ou pasto de Uganda). Planta herbácea da família Poaceae, perenne, que pode medir de 2 a 4,5 m de altura, nativa das chairas tropicais de África. Invasora nas Illas Canarias.





Pennisetum setaceum. Planta herbácea de ata 75 cm de altura nativa dos matos de África oriental e tropical, do Oriente Medio e do Surl este de Asia. Cultívase como planta ornamental.





Pennisetum villosum. Planta herbácea, con talos ergueitos de ata 75 cm de altura e unha inflorescencia chamativa cuberta de pelos de ata 5 cm de lonxitude, polo que se cultiva como ornamental. É nativa do norleste de África e da Península Arábica. Considérase invasora nas illas Baleares.



Phoenix dactylifera (palmeira) datileira.) Palmeira de toro único, de ata 30 m de altura e entre 20 e 50 cm de diámetro, probablemente oriunda do suroeste de Asia. Invasora nas Illas Canarias.




Pistia stratioides
(leituga de auga)
planta acuática de la
familia Araceae que
vive aboiano nas
masas de auga doce.
De orixe africana.





Ricinus communis (ricino, figueira do demo). Planta de ata 2 m de altura co talo oco da familia Euphorbiaceae. Parece ser orixinario do leste de África (Etiopía e áreas próximas). Invasora nas Illas Canarias. Presente en Galiza.





Salvinia Xénero de fentos que viven aboiando en augas doces da familia Salviniaceae. Son unhas dez especies, maiormente tropicais. Na imaxe pequena *Salvinia natans*. Presente en Galiza.



Senecio inaequidens. Planta herbácea perenne duns 80 cm de altura, orixinaria do sur de África.



Sparina alterniflora. Gramínea perenne caducifolia, que pode medir de 1 a 1,5 m de altura, orixinaria dos esteiros salobres de América. *Spartina alterniflora* é unha invasora por si mesma e hibrida facilmente con especies nativas.



Spartina densiflora. Herba perenne de 0,3 a 1,5 m de altura da familia Poaceae.



Spartina patens. Herba, da familia Poaceae, nativa da costa atlántica de América do Norte ata o Caribe. Presente en Galiza.





Spartium junceum (xesta de olor). Arbusto perenne, leguminoso, da familia Fabaceae. Pode medir ata 5 m de altura. É orixinario da cunca do Mediterráneo. Invasora nas Illas Canarias.

Tradescantia fluminensis (amor de home). Planta herbácea rasteira, da familia das Commelinaceae, orixinaria de América do Sur. Presente en Galiza.





***Ulex europaeus* (toxo)**. Arbusto que pode acadar os 4 m de altura, con espiñas de ata 4 cm de lonxitude, da familia das Fabáceas. É orixinario de Europa. Invasora nas Illas Canarias e parte da flora autóctona en Galiza.

Invasoras en Galiza non incluídas no Catálogo español



Amaranthus retroflexus (beldro, herba pulgueira). Planta herbácea da família Amaranthaceae procedente de América tropical.



Arctotheca calendula. Planta herbácea, vivaz, da família Asteraceae, orixinaria da área de Cabo en Sudáfrica.

Bacopa monnieri. Planta herbácea perenne, rasteira, orixinaria dos humidais do surleste de Asia.





Bidens aurea (té). Herba perenne, rizomatosa, da familia Asteraceae, orixinaria de América Central.



© 2008 Katy Chayka

Conyza canadensis. Flanta herbácea da família Asteraceae, nativa de Norteamérica.





Crocosmia × crocosmiiflora.

Planta vivaz da familia Iridaceae.
Orixinaria de Sudáfrica. Procede
do cruce entre *C. pottsii* e *C.*
aurea.



Cyperus eragrostis. Herbácea da família Cyperaceae nativa da costa ocidental de Norteamérica e algumas partes de Sudamérica.

Eucalyptus
(eucaliptos).
Xénero de
árbores da
familia das
Mirtaceae,
cunhas 700
especies, a
maioría
orixinarias de
Australia.
Plántase como
forestal



Ponla con flores de ***E. globulus*** (eucalipto común, eucalipto branco ou azul) O máis extendido e común nas zonas baixas.



Ponla con froitos de ***E. nitens*** (eucalipto brillante).



Helichrysum petiolare
(sempreviva ou herba de
san Pedro). Planta
semiarbustiva de folla
perenne orixinaria de
Sudáfrica.



Oenothera glazioviana. Planta bianual da familia das Onagraceae, procedente, ao parecer, da hibridación en Europa de dúas especies americanas. Cultívase como ornamental.





***Paraserianthes lophantha* (albicia amarela).** Árbore de 4 a 7 m de altura da família Fabaceae, orixinaria de Sudamérica. Cultívase como ornamental.



Paspalum dilatatum. Planta herbácea da familia Poacea e nativa de América do sur. Atópase en zonas húmidas.





Phytolacca americana (herba tintureira). Planta vivaz da familia Phytolaccaceae orixinaria de América do Norte. Atópase en terreos baldíos.





Robinia pseudoacacia
(falsa acacia). Árbore da
familia Fabaceae orixinaria
do leste dos Estados
Unidos.





Senecio mikanioides ou
Delairea odorata (hedra
alemá). Planta rubideira da
família Asteraceae de orixe
sudafricana. Cultívase
como ornamental.



Stenotaphrum secundatum (gramón ou grama americana). Herba da familia Poaceae de orixe americana, resistente á seca e á salinidade,. Plántase como ornamental.





Tropaeolum majus
(**capuchina**). Planta
rasteira e trepadora
da familia das
Tropaeoaceae orixin
aria dos Andes
(América) que se
cultiva como
ornamental.

Vinca difformis (herba da envexa, pervinca, cangroia). Planta rasteira da familia Apocinaceae de orixe mediterránea. Vive en zonas húmidas e sombrizas. Tamén se consideran invasoras a *Vinca major* e a *Vinca minor*.



Outras especies invasoras en Galiza non
incluídas nos catálogos



***Acacia melanoxylon* (Acacia negra).** Árbore de ata 40 m de altura orixinaria do leste de Australia.





Acacia longifolia. Árbore de ata 10 m de altura orixinaria do surleste de Australia.



Acacia mearnsii. Árbore de 7 a 10 m de altura
orixinaria do surl este de Australia e de Tasmania.





Acacia decurrens. Árbore de 8 a 10 m de altura orixinaria da metade sur de Australia.



Albizia distachya . Árbore de 5 a 7 m orixinaria de Australia.



Amaranthus powellii. Planta herbácea anual, da família das Amaranthaceae, orixinaria do suroeste dos Estados Unidos e do norte de México.



Amaranthus hybridus. Planta herbácea anual, da família das Amaranthaceae



© Divina Aparicio
<http://www.biodiversidadvirtual.org>



Amaranthus deflexus.

Planta herbácea anual,
habitualmente deitada, da
familia das Amaranthaceae.
Orixinaria de Arxentina,
Chile e Perú.



Amaranthus albus. Planta herbácea anual, da família das Amaranthaceae. Orixinaria de América tropical.





Amaranthus blitum. Planta herbácea anual, da família das Amaranthaceae. Orixinaria do Mediterrâneo.



Amaranthus blitum subsp
emarginatus. Planta herbácea
anual, da familia das
Amaranthaceae. Orixinaria do
Mediterráneo.



Aptenia cordifolia.

Planta perenne,
rastreira, da familia
Aizoaceae, orixinaria do
sur de África.





Bidens frondosa. Planta da familia Asteraceae orixinaria de América.





Bidens pilosa. Planta herbácea anual da família Asteraceae orixinaria de América do Sur.





Bidens bipinnata. Planta herbácea anual da família Asteraceae orixinaria de Asia e de América.



Conyza bonariensis. Planta herbácea, algo leñosa, anual, da familia Asteraceae, orixinaria dos trópicos de América.





Conyza albida. Planta herbácea da familia Asteraceae, anual, algo leñosa, de ata 3 m de altura, orixinaria de América do Sur.





Conyza sumatrensis. Planta herbácea da familia Asteraceae, anual, algo leñosa, de ata 1 m de altura, orixinaria de América do Norte.





Cotula australis. Planta herbácea da família Asteraceae orixinaria de Australia e Nova Celandia



Dysphyma crassifolium. Planta rasteira da família Aizoaceae orixinaria do sur de África.





Tetragonia tetragonioides
(espinaca de Nova Celandia).

Planta rasteira, da familia
Aizoaceae, orixinaria de
Australia e Noa Celandia.



Cyperus longus. Planta perenne, rizomatosa, da familia Cyperaceae.



Cyperus rotundus. Planta perenne, rizomatosa, da familia Cyperaceae.





Cyperus esculentus (chufa). Planta herbácea, perenne, vivaz, rizomatosa, da familia Cyperaceae. Mide de 30 a 40 cm de altura.





© - josef hlasek
www.hlasek.com
Cyperus flavescens a4754

Cyperus flavescens. Planta herbácea, perenne, vivaz, rizomatosa, da familia Cyperaceae. Mide ata 30 cm de altura.



© Kateřina Šumberová



Cyperus involucratus.

Planta herbácea, perenne, vivaz, rizomatosa, da família Cyperaceae. Mede até 2m de altura. Orixinaria de Madagascar. Cultívase como ornamental.



Helichrysum foetidum. Planta bianual da familia Compositae. Orixinaria do sur de África. Pode medir ata 1 m de altura.





Ipomoea purpurea. Planta gabeadora da familia das Convolvulaceae orixinaria de México e Centroamérica. Os talos poden medir máis de 3 m de lonxitude.



Oenothera rosea. Planta herbácea bianual da familia das Onagraceae orixinaria de América. Pode medir de 15 a 45 cm de altura.





Oenothera speciosa. Planta herbácea da família das Onagraceae orixinaria do sur de Norteamérica. Pode medir ata 50 cm de altura.

Senecio tamoides
(Hedra amarela ou
enredadeira de
Canarias). Planta
herbácea, trepadora,
da família Asteraceae
orixinaria do centro e
do sur de África.



Senecio elegans. Planta da família Asteraceae orixinaria do sur de África. Cultívase como ornamental.



Senecio petasitis.

Planta subarbustiva
da familia Asteraceae
de orixe sudafricana.
Pode medir ata 2 m
de altura.





Paspalum paspalodes.

Herba perenne
estolonífera de orixe
tropical





Paspalum vaginatum Swartz
Marjal de Pego (Alicante)
© Santiago González Torregrosa
www.apatita.com



Paspalum vaginatum. Herba perenne, estolonífera, da família das Poaceae orixinaria de América do Sur.



Oxalis corniculata. Planta herbácea da família Oxalidaceae.



Oxalis articulata. Planta herbácea da família Oxalidaceae



Oxalis purpurea. Planta da família Oxalidaceae orixinaria de Sudáfrica.



Oxalis corymbosa. Planta da família Oxalidaceae orixinaria de América do Sur.





Abutilon theophrasti. Planta da familia Malvaceae orixinaria do sur de Asia.





Acer negundo. Árbore da família Sapindaceae nativa de Norteamérica.



© Antonio Robledo
<http://www.biodiversidadvirtual.org>



Artemisia verlotiorum. Planta da familia Asteraceae orixinaria do suroeste de China.



Bromus catharticus. Herba da familia Poaceae orixinaria de Sudamérica.



Calendula officinalis (caléndula ou maravilla). Planta herbácea da família Asteraceae provavelmente orixinaria da cunca mediterránea

Slichter 2009



Chamomilla suaveolens. Planta herbácea da família Asteraceae orixinaria do norleste de Asia.



Mark E. Olson



Chenopodium ambrosioides ou
Dysphania ambrosioides. Planta da
familia Chenopodioidae orixinaria de
América.



Photo copyright Henriette Kress
<http://www.henriettesherbal.com>



Coronopus dydimus. Planta da familia Brassicaceae provavelmente de orixe americana.



Datura stramonium.
Planta da família
Solanaceae orixinaria de
México.



© Juan Carlos Galey
<http://www.biodiv.org/da/div/na/11/>

Dittrichia viscosa. Planta herbácea de base leñosa, perenne, da familia Asteraceae, orixinaria da cunca mediterránea.






Eleocharis bonariensis. Planta herbácea da família Cyperaceae orixinaria de Sudamérica.





Eleusine tristachya. Planta herbácea da família Poaceae orixinaria das áreas tropicais e subtropicais.





Eleusine indica. Planta herbácea da família Poaceae.



Eragrostis curvula. Planta herbácea perenne da família Poaceae orixinaria do surleste de África.





Erigeron karvinskianus. Planta perenne da familia Asteraceae orixinaria de México e América Central.



Ficus carica (figueira). Árbore pequena, de 3 a 10 m de altura, da família Moraceae orixinaria do suroeste de Asia. Cultívase como froiteira.



Galinsoga parviflora. Planta herbácea anual da família Asteraceae orixinaria de América do Sur.



Galinsoga ciliata. Planta herbácea anual da familia Asteraceae orixinaria de América tropical.



Gamochaeta spicata. Planta anual ou bianual da família Asteraceae orixinaria das áreas temperadas de América.





Gamochaeta subfalcata. Planta anual ou bianual da familia Asteraceae orixinaria de América.





L. Lopes 2006

www.biorede.pt

Gladiolus undulatus. Planta bulbosa da família Iridaceae orixinaria do sur de África.





Hakea sericea. Arbusto de ata 3 m de altura da familia Proteaceae orixinario de Australia.



Hydrocotyle bonariensis. Planta herbácea perenne da família Aialaceae nativa das zonas húmidas e cálidas de América






Juncus tenuis. Planta da família Xuncaceae orixinaria de Norteamérica.





Lonicera japonica. Arbusto agabeador da familia Caprifoliaceae orixinario do leste de Asia.





Matthiola incana. Planta perenne da familia Brassicaceae orixinaria da cunca do Mediterráneo. Cultívase como ornamental.





Mirabilis jalapa. Planta vivaz da família Nyctaginaceae orixinaria de América tropical. Cultívase como ornamental.



Opuntia humifusa. Planta da família Cactaceae nativa de Norteamérica.



Panicum dichotomiflorum.
Herba da familia Poaceae
orixinaria do leste dos Estados
Unidos e do Canadá.



Panicum repens. Herba perenne rizomatosa, con talos de ata 1 m de altura, da familia Poaceae.



© Stephane Alix 2011



Petasites fragans. Planta da familia das Asteraceae nativa do norte de África e do sur de Europa.



Prunus laurocerasus. Árbore de ata 8 m de altura, da familia das Rosaceae, orixinaria de Asia Menor.



Salpichroa organifolia. Planta herbácea, perenne, rizomatosa, da familia Solanaceae orixinaria do centro sur de Sudamérica.



Setaria parviflora e outras 6 especies. Plantas herbáceas da familia Poaceae orixinarias das regiões temperadas e tropicais.



Solanum chenopodioides. Planta anual ou perenne da familia Solanaceae nativa do centro sur de Sudamérica.





Sorghum halepense. Herba da familia Poaceae orixinaria de África central.





Verónica pérsica. Planta anual de talos deitados, da familia Plantaginaceae.



Photo: Stephen Millsud
www.meltawildplants.com



Xanthium spinosum.
Planta anual da familia
Asteraceae orixinaria de
América do Sur.

5391790



Xanthium strumarium. Planta anual da família Asteraceae orixinaria de América do Norte.





Yucca gloriosa. Planta perenne, de ata 3 m de altura, da familia Agavaceae orixinaria do surleste de América do Norte.





Zantedeschia aethiopica
(**cartucho**). planta herbácea
perenne da familia Araceae
orixinaria do sur de África



Polygonum capitatum.

Planta herbácea da família Polygonaceae orixinaria de África. Plántase como ornamental.



... e plantas comúns que, cos cambios de uso dos terreos, aproveitaron as novas condicións para extenderse.

O ***Taraxacum officinale*** (mexacan ou leituga) invade os prados das zonas gandeiras do centro norte de Lugo



...e mentras vía ás invasoras tamén aproveitou o percorrido para ver as que son escasas e ás que están en perigo, pero como isto xa é longo, e non é cousa de estiralalo, as plantas que están protexidas xuntounas noutro traballo.



As imaxes fotográficas foron collidas da internet e a información de fontes varias. Agradézolle aos autores a súa dispoñibilidade, e agardo saiban disculpar o uso que fixen delas.

Mon Daporta (20179)